

NOIA HARP FEST

O Noia Harp Fest convoca a terceira edición do Premio Internacional de Composición Portus Apostoli, que promoverá a creación de pezas para arpa e orquestra de cordas

A obra gañadora do certame recibirá 2.500 euros e a súa estrea oficial terá lugar no 2025, durante a 12ª edición do evento

O Festival Internacional de Arpa Vila de Noia presentará o luns 17, ás 12.30 horas, a programación da súa 11ª edición, que se celebrará do 8 ao 10 de agosto



Estrea de 'Hibrys', gañadora do Portus Apostoli 2023, con Beatriz Cortesao e a Real Filharmonía de Galicia

Noia, 11 de xuño de 2024.- O Festival Internacional de Arpa Vila de Noia, coñecido como Noia Harp Fest, vén de publicar na súa páxina web as bases da terceira convocatoria do **Premio Internacional de Composición Portus Apostoli**, certame innovador promovido polo propio evento, coa colaboración do Concello de Noia, á fin de promover a creación de obras para arpa e orquestra e ampliar, deste xeito, o repertorio actual. O galardón, que conleva unha achega económica de 2.500 euros, suporá tamén a estrea da propia obra na seguinte edición do festival, que terá lugar no verán de 2025.



A convocatoria do Premio Portus Apostoli está aberta desde hoxe e até o vindeiro 23 de decembro a todas e todos os compositores de calquera nacionalidade e sen límite de idade. Un xurado internacional, conformado por arpistas e directores de orquestra de recoñecido prestixio, será o responsable de valorar e premiar as creacións, nas que se terán en conta, entre outros aspectos, a proposta creativa; o tratamento da técnica e da escritura para arpa -así como da orquestración-; a coherencia, proporción e equilibrio no traballo técnico; ou o equilibrio entre dificultade e resultado musical. Ademais, o tribunal valorará positivamente aquelas obras con referencias á música ou á cultura galega.

Cada compositora ou compositor poderá presentar unha soa obra, que deberá ser orixinal e inédita, de xeito que non poderán participar no certame pezas creadas froito dun encargo remunerado, premiadas noutro concurso ou que fosen interpretadas anteriormente en concertos ou actos públicos. A nova composición será de tema libre, deberá estar escrita para arpa e orquestra de cordas (sen medios electroacústicos) e poderá ter unha duración de entre 10 e 15 minutos. Os materiais (un arquivo comprimido coa partitura da parte de arpa e outra xeral, ademais dun ficheiro en .mp3 ou .wav) poderanse enviar até as 24 horas do 23 de decembro de 2024. Tanto a obra gañadora como a que se corresponda coa mención de honra, -ambas distinguidas por un xurado especializado- poderanse escoitar, ao vivo, na seguinte edición do Noia Harp Fest.

O luns 17 presentarase a 11ª edición do NHF

O Noia Harp Fest dará a coñecer o vindeiro luns, 17 de xuño, a **programación ao completo da súa 11ª edición, que terá lugar do 8 ao 10 de agosto** en distintos escenarios da localidade coruñesa. Figuras galegas e internacionais de diversa orixe e estilo musical, unidas pola súa vinculación á arpa, actuarán no marco dun festival singular, pois é o único dedicado a este instrumento en todo o noroeste peninsular.

A **presentación do Noia Harp Fest**, que conta co patrocinio do Concello de Noia e da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia, e coa colaboración da Deputación da Coruña, será **luns 17, ás 12.30 horas**, no Claustro do Concello de Noia, e contará cunha pequena actuación musical ao vivo.

Contacto de prensa Noia Harp Fest

The Office Comunicación
Lucía Pita - 675 404 321
lucia.pita@theofficeco.es